

NOTA DE PRENSA

Expertos médicos apostan pola balneoterapia como complemento á medicina para tratar doenzas respiratorias tanto en anciáns como en nenos e adultos

O ciclo “A saúde é o que importa” reunirá mañá mércores a especialistas do eido da pneumoloxía, pneumoloxía pediátrica e medicina interna, que explicarán os beneficios da cura termal

Santiago de Compostela, 26 de marzo de 2019 (Vía Láctea Comunicación).- A Cátedra de Hidroloxía Médica Universidade de Santiago-Balnearios de Galicia promove o ciclo “A saúde é o que importa”. Está destinado a difundir entre a sociedade o valor terapéutico das augas mineromedicinais, en colaboración coa Fundación Araguaney.

Mañá mércores, 27 de marzo, celebrarase unha nova sesión deste ciclo en Santiago. Terá lugar no Hotel Araguaney (salón Olivo), a partir das 20:00 horas, con entrada libre ata completar aforo. Comezará cunha mesa redonda na que se abordarán os beneficios da balneoterapia na patoloxía respiratoria de nenos, adultos e anciáns. Estará moderada polo director da Cátedra, o doutor **Juan Gestal**. Nela intervirán os doutores **José Domingo Moure González**, especialista da Unidade de Pneumoloxía Pediátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS); **Antonio Golpe Gómez**, xefe de Sección de Pneumoloxía do CHUS; e **Antonio Pose Reino**, xefe do Servizo de Medicina Interna do CHUS. Estes expertos manterán ademais un coloquio sobre este tema co público asistente.

A balneoterapia resulta moi efectiva en nenos

O doutor **José Domingo Moure González**, especialista da Unidade de Pneumoloxía Pediátrica do CHUS, centrarase nos beneficios da balneoterapia na patoloxía respiratoria en nenos. Nesta liña, indica que a prescrición médica da cura termal en menores é algo recente. “Trátase dun complemento á medicación ligada a estas doenzas moi bo e axeitado no caso dos nenos, en particular para tratar problemas como a asma, que é un dos máis frecuentes entre a poboación infantil” -afirma-.

“A cura termal favorece a secreción de mucosidades, favorece as mobilizacións de tapóns, as rinites xa sexan ou non alérxicas... e, en xeral, os exercicios e a actividade na auga contribúen a incrementar a capacidade pulmonar dos nenos” -manifesta o experto-. Ademais, asegura que este tipo de tratamentos pódense prescribir a calquera idade e resultan especialmente efectivos nos nenos máis pequenos, que son os que presentan máis problemas respiratorios e con maior asiduidade”.

As persoas maiores

O doutor **Antonio Pose Reino**, xefe do Servizo de Medicina Interna do CHUS, sinala que “a balneoterapia é unha forma máis de abordar as enfermidades do aparato respiratorio, que xa se empregaba mesmo antes da época romana. Na actualidade está volvendo a coller auxe, sobre todo en Galicia, onde temos o privilexio de contar cunha enorme riqueza de augas mineromedicinais, con diferentes e variadas indicacións terapéuticas”.

O doutor Pose afondará na aplicabilidade da balneoterapia nas persoas maiores. Salienta que “os anciáns están especialmente predispostos a padecer este tipo de doenzas, debido a que os mecanismos de defensa deteriáranse coa idade, e máis en particular nos casos ligados ao consumo de tabaco ou se xa teñen padecido algunha enfermidade respiratoria”. Así, apunta que a cura termal resulta particularmente efectiva no caso da enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC), que se agudiza nos fumadores e nas persoas maiores. E sinala que nesta etapa da vida tamén é moi prevalente a asma.

“A balneoterapia ofrécelles aos anciáns a vantaxe de realizaren exercicios de rehabilitación e ximnasia na auga, de cara a favorecer a elasticidade e a mellora da musculatura. No interior da auga pesamos un 20% menos, de xeito que é moito máis doado exercitar as extremidades -explica o doutor-.

As patoloxías respiratorias crónicas

Pola súa parte, o doutor **Antonio Golpe Gómez**, xefe de Sección de Pneumoloxía do CHUS, pon de manifesto que “existe unha evidencia científica dos beneficios da balneoterapia á hora de abordar as enfermidades respiratorias crónicas”. Nesta liña, destaca “os efectos positivos da fisioterapia respiratoria asociada á balneoterapia, que ten moitas vantaxes con respecto a outro tipo de tratamentos, sobre todo no caso de patoloxías otorrinolaringolóxicas ou nasais e tamén nas persoas afectadas de EPOC”.

O experto explica que a fisioterapia respiratoria consiste na realización dunha serie de exercicios en piscinas de auga mineromedicinal. “É un xeito de adestrar os músculos respiratorios, aproveitando que os esforzos son moitos menores no interior da auga, mentres que os resultados son moi positivos para estes pacientes” -afirma-.

Estrea do documental “A balneoterapia na patoloxía respiratoria”

No transcurso desta xornada proxectarase o documental “A *balneoterapia na patoloxía respiratoria*”, realizado no marco da Cátedra de Hidroloxía Médica co propósito de divulgar os beneficios dos tratamentos termais de xeito didáctico. Este vídeo estreouse na derradeira edición da Feira Termatalia, que se celebrou o pasado mes de setembro en Brasil, e agora preséntase por primeira vez na nosa comunidade.